



nota de prensa

## O informe da Intervención Municipal de Cuntis evidencia unha xestión económica nefasta por parte do Goberno Local

*O PSOE aproba en solitario a Conta Xeral de 2018, fóra de prazo e con múltiples irregularidades que poden poñer en risco o acceso a subvencións doutras administracións.*

Cuntis. 20 de febreiro de 2020

O Goberno Municipal de Cuntis aprobará en solitario a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2018 malia presentar **múltiples irregularidades**. Así o evidencia o informe de Intervención, que deixa **ao descuberto as deficiencias da xestión económica do PSOE**. Sen necesidade de ningún tipo de interpretación política, unha simple lectura ao devandito informe aclara os seguintes aspectos:

- **A conta xeral preséntase fóra de prazo**, posto que segundo o Modelo de Contabilidade Pública do Ministerio de Hacienda, esta debe presentarse antes do 1 de outubro do ano seguinte ao exercicio que corresponde (neste caso, debera ser antes do mes de outubro do pasado 2019).
- Recóllese unha fianza de **2448 € mal contabilizada**.
- A Conta do Resultado Económico-Patrimonial presenta **PERDAS por importe de 153.715,36 €**.
- O informe de Intervención confirma que a xestión económica do Concello resulta **INSUFICIENTE para afrontar investimentos**. A pesar desta realidade, vemos como o Goberno Municipal abusa da **propaganda para 'vender' investimentos que en realidade son doutras administracións**. A isto hai que engadir a incapacidade do propio PSOE para actualizar as ordenanzas fiscais que regulan esta xestión económica, deixando mesmo sen cumprir algúns proxectos xa iniciados como o de regulación da ocupación do espazo público.
- A Conta Xeral incorpora un total de **65 levantamentos de reparos de Intervención**, o que significan **resolucións ditadas polo propio Alcalde contra informes que advirten en moitos casos de irregularidades na fiscalización ou no proceso de contratación**. Ao igual que durante o anterior goberno local do Partido Popular a **Lei de Contratos do Sector Públicos infrínxese con**



## nota de prensa

**demasiada frecuencia.** Este tipo de actuacións convertéronse no procedemento habitual na xestión económica do Goberno do PSOE.

- Por último, o Informe da Intervención Municipal advirte de que a xestión económica do actual Goberno Municipal, reflexada nesta Conta Xeral, **provocará incidencias na fiscalización do Tribunal de Contas, o que podería chegar a provocar que o noso Concello vise como se lle bloquea o acceso a subvencións públicas.**

Non cabe outra conclusión máis que a de valorar como **moi negativa a xestión económica do PSOE** que suma xa case cinco anos gobernando en Cuntis. O Goberno Municipal limítase a ser unha **unidade propagandística que xestiona exclusivamente fondos doutras administracións**, sen capacidade propia para o investimento, e agora ata a facultade de percibir axudas queda posta en risco á vista desta nefasta Conta Xeral correspondente a 2018. Se a isto lle engadimos a experiencia do PSOE en perder subvencións por incumprir as convocatorias, o resultado é certamente preocupante.

A poucos días de rematar o mes de febreiro, **o Goberno Municipal do PSOE non foi aínda capaz nin tan sequera de presentar unha proposta de Orzamentos para o ano 2020, malia contar cunha maioría absoluta e con máis concelleiros/as ca ningún goberno dos anteriores.** As consecuencias dunha xestión tan nefasta van moito máis alá da disputa política diaria ou da valoración que poidamos facer os grupos da oposición, senón que inciden directamente nas posibilidades de futuro de Cuntis.